

dos residuos. A existencia de vertedoiros incontrolados e as obrigas impostas pola normativa comunitaria xustifican a adopción deste real decreto, que incorpora ó dereito interno a Directiva 1999/31/CE.

No marco da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e demais normativa aplicable, particularmente a lexislación sobre prevención e control integrados da contaminación, este real decreto establece o réxime xurídico aplicable ás actividades de eliminación de residuos mediante o seu depósito en vertedoiros. Así mesmo, delimita os criterios técnicos mínimos para o seu deseño, construción, explotación, clausura e mantemento. Tamén aborda a adaptación dos vertedoiros actuais ás esixencias do real decreto e os impactos ambientais que se considerarán na nova situación.

Entre as disposicións de carácter xeral inclúense as definicións recollidas na directiva que se traspón, obviando aquelas o concepto das cales reproduce a Lei 10/1998, por considerar que a súa reiteración non é necesaria para a aplicación da norma concreta. Non obstante, neste real decreto regúlase o almacenamento de residuos, establecendo un prazo inferior ó previsto con carácter xeral na Lei de residuos, para os supostos en que se trate de residuos distintos ós perigosos e esta actividade se realice con carácter previo á eliminación, en concordancia coa directiva e facendo uso da habilitación expresa establecida para isto no artigo 3.n) da mencionada lei. Do mesmo modo, no artigo 19.4 da Lei 10/1998 habilitase o Goberno para establecer en vía regulamentaria as normas reguladoras das instalacións de eliminación de residuos.

De acordo coa Directiva 1999/31/CE, os vertedoiros deberán incluírse nalgunha das seguintes categorías: vertedoiros de residuos perigosos, vertedoiros de residuos non perigosos e vertedoiros de residuos inertes. Dado o carácter de normativa básica deste real decreto, tal clasificación deberá adoptarse en todo o territorio nacional, con independencia das subclasificacións que poidan establecer as comunidades autónomas. Así mesmo, identifícanse os tipos de residuos aceptables nas diferentes categorías de vertedoiros, prohibíndose expresamente a admisión de determinados residuos.

A creación, ampliación e modificación de vertedoiros estará sometida ó réxime de autorizacións das actividades de eliminación de residuos previsto na Lei 10/1998 e, de se-lo caso, ó establecido na lexislación sobre prevención e control integrados da contaminación. En todo caso, deberán observarse as obrigas esixidas pola normativa sobre impacto ambiental.

Así mesmo, acóutanse os requisitos mínimos das solitudes de autorización, as comprobacións previas que realizarán as autoridades competentes e o contido daquela. A autorización para vertedoiros de residuos perigosos conterá a obriga do seu titular de subscribir un seguro de responsabilidade civil e o depósito dunha fianza, segundo o previsto no artigo 22.2 da Lei de residuos. A autorización para vertedoiros de residuos distintos ós perigosos estará condicionada ó que determine a lexislación estatal sobre residuos en materia de constitución de seguro de responsabilidade civil e prestación de fianzas ou outras garantías equivalentes.

O seguro de responsabilidade civil cubrirá o risco polos posibles danos causados ás persoas e ó ambiente, en tanto que mediante a prestación da fianza o titular responderá do cumprimento de tódalas obrigas que fronte á Administración deriven do exercicio da actividade.

Por outra parte, de conformidade co establecido na directiva que se incorpora, a cantidade que se percibirá pola eliminación de residuos en vertedoiro debe sufragar necesariamente tódolos custos de tal actividade, incluídos os custos de proxecto, construción, explotación, clausura e mantemento do vertedoiro. Preténdese así

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

1697 *REAL DECRETO 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro. («BOE» 25, do 29-1-2002.)*

A Directiva 1999/31/CE, do Consello, do 26 de abril, relativa á vertedura de residuos, establece un réxime concreto para a eliminación dos residuos mediante o seu depósito en vertedoiros. Configuran as liñas básicas da súa regulación a clasificación dos vertedoiros en tres categorías, a definición dos tipos de residuos aceptables en cada unha destas categorías, o establecemento dunha serie de requisitos técnicos esixibles ás instalacións, a obriga de xestionar os vertedoiros despois da súa clausura e unha nova estrutura e imputación dos custos das actividades de vertedura de residuos.

España é un dos países europeos nos que, en gran porcentaxe, se utiliza o vertedoiro para a eliminación

que a eliminación de residuos mediante o seu depósito en vertedoiro, o prezo actual dos cales é, como media, moi inferior ó custo real do proceso e comparativamente menor ó esixido por outras técnicas de xestión máis respectuosas co ambiente, tales como a reutilización ou a valorización mediante reciclaxe, compostaxe, biometanización ou valorización enerxética, se utilice unicamente para aqueles residuos para os que actualmente non existe tratamento ou para os rexeitamentos das citadas alternativas prioritarias de xestión.

Configúranse así mesmo unha serie de mecanismos, tanto para a admisión de residuos nos correspondentes vertedoiros como para o control e vixilancia destes durante a fase de explotación, clausura e mantemento posterior.

Este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co artigo 149.1.23.^a da Constitución, e na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, os entes locais e os axentes económicos e sociais interesados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2001,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto deste real decreto é o establecemento dun marco xurídico e técnico adecuado para as actividades de eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros, o tempo que regula as características destes e a súa correcta xestión e explotación, todo isto tendo en conta o principio de xerarquía na xestión de residuos recollido no artigo 1.1 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e coa finalidade de protexela saúde das persoas e o ambiente.

Artigo 2. *Definicións*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) «Residuos non perigosos»: os residuos que non están incluídos na definición do artigo 3, alínea c), da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

b) «Residuos inertes»: aqueles residuos non perigosos que non experimentan transformacións físicas, químicas ou biolóxicas significativas. Os residuos inertes non son solubles nin combustibles, nin reaccionan física nin quimicamente nin de ningunha outra maneira, nin son biodegradables, nin afectan negativamente outras materias coas cales entran en contacto de forma que poidan dar lugar a contaminación do ambiente ou prexudica-la saúde humana. A lixiviabilidade total, o contido de contaminantes dos residuos e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes e, en particular, non deberán supor un risco para a calidade das augas superficiais e/ou subterráneas.

c) «Residuos biodegradables»: tódolos residuos que, en condicións de vertedura, poden descompoñerse de forma aerobia ou anaerobia, tales como residuos de alimentos e de xardín, o papel e o cartón.

d) «Residuos líquidos»: os residuos en forma líquida, incluídas as augas residuais pero excluídos os lodos.

e) «Tratamento previo»: os procesos físicos, térmicos, químicos ou biolóxicos, incluída a clasificación, que cambian as características dos residuos para reduci-lo seu volume ou a súa perigosidade, facilita-la súa manipulación ou incrementa-la súa valorización.

f) «Autoridades competentes»: as designadas polas comunidades autónomas no ámbito territorial das cales se sitúe o vertedoiro.

g) «Solicitante»: a persoa física ou xurídica que solicita unha autorización para establecer un vertedoiro conforme este real decreto.

h) «Entidade explotadora»: a persoa física ou xurídica responsable da xestión dun vertedoiro, segundo a lexislación española. Esta persoa pode cambiar da fase de preparación á de mantemento posterior ó peche.

i) «Posuidor»: o produtor dos residuos ou a persoa física ou xurídica que os teña no seu poder.

j) «Almacenamento»: o depósito, temporal e previo á valorización ou eliminación, de residuos distintos dos perigosos por tempo inferior a un ano cando o seu destino final sexa a eliminación ou a dous anos cando o seu destino final sexa a valorización, así como o depósito temporal de residuos perigosos durante menos de seis meses.

Non se inclúe neste concepto o depósito de residuos nas instalacións de produción cos mesmos fins e por períodos de tempo inferiores ós sinalados no parágrafo anterior.

k) «Vertedoiro»: instalación de eliminación de residuos mediante o seu depósito subterráneo ou na superficie, por períodos de tempo superiores ós recollidos na alínea j) anterior.

Inclúense neste concepto as instalacións internas de eliminación de residuos, é dicir, os vertedoiros en que un produtor elimina os seus residuos no lugar onde se producen. Non se inclúen as instalacións nas cales se descargan os residuos para a súa preparación con vistas ó seu transporte posterior a outro lugar para a súa valorización, tratamento ou eliminación.

l) «Depósito subterráneo»: unha instalación para a eliminación de residuos mediante almacenamento permanente, situada nunha cavidade subterránea de orixe natural ou artificial.

m) «Lixiviado»: calquera líquido que percole a través dos residuos depositados e que rezume desde ou estea contido nun vertedoiro.

n) «Gases de vertedoiro»: tódolos gases que se xeren a partir dos residuos vertidos.

ñ) «Eluato»: a solución obtida por medio dunha proba de lixiviación en laboratorio.

o) «Localidade illada»: aquela na que concorren as dúas circunstancias seguintes:

1.^a Ter, como máximo, 500 habitantes de dereito por municipio ou localidade e unha densidade de cinco habitantes por quilómetro cadrado.

2.^a Non ter unha aglomeración urbana cunha densidade maior ou igual de 250 habitantes por quilómetro cadrado a unha distancia menor de 50 quilómetros, ou ter unha comunicación difícil por estrada ata estas aglomeracións máis próximas debido a condicións meteorolóxicas desfavorables durante unha parte importante do ano.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicárase a tódolos vertedoiros incluídos na definición do artigo 2.k).

2. Quedan excluídas do seu ámbito de aplicación as actividades seguintes: o espaxamento no solo con fins de fertilización ou mellora da súa calidade, de lodos, incluídos os de depuradora e os procedentes de operacións de dragaxe, así como o espaxamento de materias fecais e doutras substancias naturais análogas e non perigosas cos mesmos fins; a utilización de residuos iner-

tes adecuados en obras de restauración, acondicionamento e recheo, ou con fins de construción; o depósito de lodos de dragaxe non perigosos ó longo de pequenas vías de navegación, das que se extraesen, e de lodos non perigosos en augas superficiais, incluído o leito e o seu subsolo; o depósito de solo sen contaminar ou de residuos non perigosos inertes procedentes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais, así como do funcionamento das canleiras.

3. De conformidade co que estableza a normativa comunitaria, o Ministerio de Medio Ambiente ou, de se-lo caso, as comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos de competencia, poderá exceptuar do cumprimento dos requisitos esixidos nos números 2, 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4 do anexo I o depósito de residuos non perigosos distintos ós inertes, resultantes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais, así como da explotación de canteiras.

4. As comunidades autónomas poderán declarar que partes ou a totalidade do artigo 6.4; do décimo inciso do parágrafo b) do artigo 8.1; do parágrafo d) do artigo 9.1; do artigo 11; dos parágrafos a), b) e c) do artigo 12.1; dos parágrafos a) e c) do artigo 13; dos números 3 e 4 do anexo I; do anexo II (excepto o número 1 e o nivel 3 do número 2) e dos números 3, 4 e 5 do anexo III deste real decreto, non serán aplicables a:

a) Vertedoiros de residuos non perigosos ou inertes, cunha capacidade total menor ou igual a 15.000 toneladas ou que admitan anualmente como máximo 1.000 toneladas, en servizo en illas, se se trata do único vertedoiro da illa e se destina exclusivamente á eliminación de residuos xerados nesa illa. Unha vez esgotada esta capacidade total, calquera novo vertedoiro que se cree na illa deberá cumprilos requisitos deste real decreto.

b) Vertedoiros de residuos non perigosos ou inertes en localidades illadas, se o vertedoiro se destina á eliminación de residuos xerados unicamente nesa localidade illada.

As comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Medio Ambiente, para efectos da súa comunicación á Comisión Europea, a lista de illas ou localidades illadas ás que se lles concederon as anteriores excepcións, no prazo máximo de dous meses a partir do momento en que se tomase a citada decisión, e como moi tarde o 16 de maio de 2003.

5. As comunidades autónomas poderán declarar como non aplicables ós depósitos subterráneos incluídos na definición do artigo 2, parágrafo I), as disposicións recollidas no número 3 do anexo I deste real decreto.

6. Nos supostos regulados neste artigo, os residuos deberán ser depositados, en todo caso, de forma que se preveña a contaminación e os prexuízos para a saúde humana, e cumprindo as demais esixencias establecidas na Lei 10/1998.

Artigo 4. *Clases de vertedoiro.*

1. Os vertedoiros clasificaranse nalguna das categorías seguintes: vertedoiro para residuos perigosos, vertedoiro para residuos non perigosos, vertedoiro para residuos inertes.

2. Un vertedoiro poderá estar clasificado en máis dunha das categorías fixadas no número anterior, sempre que dispoña de celas independentes que cumpran os requisitos especificados neste real decreto para cada clase de vertedoiro.

Artigo 5. *Residuos e tratamientos non admisibles nun vertedoiro.*

1. Antes do 16 de xullo de 2003, a Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas elaborarán un programa conxunto de actuacións para reducir os residuos biodegradables destinados a vertedoiro. Este programa incluírá medidas que permitan alcanzar os obxectivos considerados no número 2 deste artigo, en particular mediante reciclaxe, compostaxe e outras formas de valorización, como produción de biogás mediante dixestión anaerobia.

2. O programa a que se refire o número anterior deberá asegurar que, como mínimo, se alcancen os seguintes obxectivos:

a) Como máis tarde o 16 de xullo de 2006, a cantidade total (en peso) de residuos urbanos biodegradables destinados a vertedoiro non superará o 75 por 100 da cantidade total de residuos urbanos biodegradables xerados en 1995.

b) Como máis tarde o 16 de xullo de 2009, a cantidade total (en peso) de residuos urbanos biodegradables destinados a vertedoiro non superará o 50 por 100 da cantidade total de residuos urbanos biodegradables xerados en 1995.

c) Como máis tarde o 16 de xullo de 2016, a cantidade total (en peso) de residuos urbanos biodegradables destinados a vertedoiro non superará o 35 por 100 da cantidade total de residuos urbanos biodegradables xerados en 1995.

3. Non se admitirán en ningún vertedoiro os residuos seguintes:

a) Residuos líquidos.

b) Residuos que, en condicións de vertedura, sexan explosivos, corrosivos, oxidantes, facilmente inflamables ou inflamables, consonte as definicións da táboa 5 do anexo I do regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, aprobado mediante o Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, e modificado polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño.

c) Residuos que sexan infecciosos consonte a característica H9 da táboa 5 do Real decreto 833/1988, así como residuos da categoría 14 da táboa 3 do mesmo real decreto.

d) A partir do 16 de xullo de 2003, pneumáticos usados enteiramente, con exclusión dos pneumáticos utilizados como elementos de protección no vertedoiro, e a partir do 16 de xullo de 2006, pneumáticos usados en anacos; non obstante, admitiranse os pneumáticos de bicicleta e os pneumáticos cun diámetro exterior superior a 1.400 milímetros.

e) Calquera outro residuo que non cumpra os criterios de admisión establecidos no anexo II.

Artigo 6. *Residuos que poderán admitirse nas distintas clases de vertedoiro.*

1. Só poderán depositarse en vertedoiro residuos que fosen obxecto dalgún tratamento previo. Esta disposición non se aplicará ós residuos inertes de tratamento tecnicamente inviable nin a calquera outro residuo do que o tratamento non contribúa ós obxectivos establecidos no artigo 1, reducindo a cantidade de residuos ou os perigos para a saúde humana ou o ambiente.

2. Os vertedoiros de residuos perigosos só admitirán residuos perigosos que cumpran os requisitos fixados no anexo II para esta clase de vertedoiros.

3. Os vertedoiros de residuos non perigosos poderán admitir:

- a) Residuos urbanos.
- b) Residuos non perigosos de calquera outra orixe que cumpran os criterios pertinentes de admisión de residuos en vertedoiros de residuos non perigosos fixados no anexo II.
- c) Residuos perigosos non reactivos, estables ou provenientes dun proceso de estabilización, cun comportamento de lixiviación equivalente ó dos residuos non perigosos mencionados no parágrafo b) anterior, e que cumpran os criterios pertinentes de admisión establecidos, de se-lo caso, no anexo II. Estes residuos perigosos non se depositarán en celas destinadas a residuos non perigosos biodegradables.

4. Os vertedoiros de residuos inertes só admitirán residuos inertes que cumpran os criterios de admisión fixados no anexo II para esta categoría de vertedoiros.

Artigo 7. *Réxime xurídico das autorizacións.*

O réxime xurídico da autorización administrativa das actividades de eliminación de residuos en vertedoiro será o establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e, de se-lo caso, na lexislación sobre prevención e control integrados da contaminación, sen prexuízo das demais autorizacións ou licencias esixidas por outras disposicións.

Artigo 8. *Solicitudes de autorización.*

1. Co fin de especificar e complementa-lo disposto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, así como na lexislación sobre prevención e control integrados da contaminación, toda solicitude de autorización dun novo vertedoiro, ou de ampliación dun existente, conterá, polo menos, a seguinte documentación, sen prexuízo do que para estes efectos determinen as autoridades competentes:

- a) As identidades do solicitante, da entidade titular e da entidade explotadora.
- b) Un proxecto que incluírá: memoria, planos, prescricións técnicas particulares e orzamento.

A memoria, que servirá para xustifica-la idoneidade do vertedoiro, incluírá:

1.º Unha descrición dos tipos de residuos para os que se propón o vertedoiro, incluíndo a súa codificación consonte o Catálogo Europeo de Residuos (CER) e, de se-lo caso, consonte o anexo I do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos.

2.º A cantidade total prevista de residuos que se van verter.

3.º A capacidade proposta do vertedoiro.

4.º A descrición da localización, incluídas as súas características hidroxoloxicas e xeoloxicas.

5.º A descrición das características constructivas do vertedoiro.

6.º Se se trata do proxecto constructivo do vertedoiro, os cálculos xustificativos das infraestructuras proxectadas.

7.º Os métodos que se propoñen para a prevención e redución da contaminación.

8.º O plan que se propón para a explotación, vixilancia e control.

9.º O plan que se propón para os procedementos de clausura e mantemento posterior á clausura.

10.º Unha análise económica na que se demostre o cumprimento do artigo 11 deste real decreto.

11.º A información especificada no artigo 2 do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, modificado pola Lei 6/2001, do 8 de maio, ou na normativa autonómica que resulte de aplicación, cando isto sexa esixible.

2. O establecido no número anterior esixirase tamén nos casos de modificación, distinta do plan de acondicionamento previsto no artigo 15, dun vertedoiro xa existente cando, de acordo coa lexislación vixente, ou se así o require a autoridade competente, esta modificación faga necesaria a solicitude dunha nova autorización.

3. As autoridades competentes notificaranlle ó Ministerio de Medio Ambiente as resolucións en que se autorice un novo vertedoiro ou a ampliación ou modificación dun existente, no prazo máximo de tres meses desde a data da resolución, para efectos da súa comunicación ás autoridades estatísticas comunitarias competentes.

Artigo 9. *Condicións da autorización.*

1. Previamente á concesión dunha autorización a un novo vertedoiro, ou á ampliación ou modificación dun existente, as autoridades competentes deberán comprobar, polo menos, que:

a) A xestión do vertedoiro estará en mans dunha persoa con cualificación técnica adecuada, e que están previstos o desenvolvemento e a formación profesional e técnica do persoal do vertedoiro tanto con carácter previo ó inicio das operacións como durante a súa vida útil.

b) Durante a explotación do vertedoiro está prevista a adopción das medidas necesarias para evitar accidentes e limita-las súas consecuencias, en particular a aplicación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, e disposicións regulamentarias que a desenvolven.

c) No caso de vertedoiros de residuos perigosos, o solicitante constituíu, ou constituirá antes de que dean comezo as operacións de vertedura, o seguro de responsabilidade civil regulado no artigo 22.2 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e nas súas normas de desenvolvemento, pola cantidade que determine a Administración autorizante.

d) O solicitante depositou, ou depositará antes de que dean comezo as operacións de eliminación, as fianzas ou garantías esixidas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e nas súas normas de desenvolvemento, na forma e contía que na autorización se determine. Para estes efectos, poderá autorizarse a constitución desta garantía de forma progresiva a medida que aumenta a cantidade de residuos vertida e manterase mentres a entidade explotadora sexa responsable do mantemento posterior ó peche do vertedoiro. Non obstante, a autoridade competente poderá autorizar devolucións anticipadas de ata o 50 por 100 da contía total da fianza ou garantía equivalente, a partir dun ano trala aceptación da clausura do vertedoiro, sempre que o remanente garanta o cumprimento por parte da entidade explotadora do plan de mantemento, vixilancia e control posterior.

e) O proxecto do vertedoiro é conforme cos plans de xestión de residuos previstos no artigo 5 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

2. En todo caso, deberán observarse as obrigas esixidas pola normativa sobre avaliación de impacto ambiental.

3. Antes de que dean comezo as operacións de vertedura, as autoridades competentes inspeccionarán a situación e as instalacións do vertedoiro para comprobar que este cumpre as condicións pertinentes da autorización, o cal non diminuírá a responsabilidade da entidade explotadora de acordo coas condicións da autorización.

Artigo 10. *Contido da autorización.*

Co fin de especificar e complementalo disposto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, así como na lexislación sobre prevención e control integrados da contaminación, toda autorización dun novo vertedoiro, ou de ampliación ou modificación dun existente, deberá incluír, polo menos, o seguinte:

- a) Período de vixencia da autorización.
- b) A localización das instalacións e a clasificación, consonte o artigo 4, do vertedoiro.
- c) Unha relación dos tipos (descrición, códigos CER e, de se-lo caso, codificación consonte o anexo I do Real decreto 833/1988) e a cantidade total de residuos para os que se autoriza a vertedura na instalación.
- d) As prescricións relativas ó deseño e construción do vertedoiro, ás operacións de vertedura e ós procedementos de vixilancia e control, incluídos os plans de emerxencia (parágrafo B do número 4 do anexo III), así como as prescricións para as operacións de clausura e mantemento posclausura.
- e) A obriga da entidade explotadora de cumprir co procedemento de admisión de residuos recollido no artigo 12 e de informar, polo menos unha vez ó ano, a autoridade competente acerca dos tipos e das cantidades de residuos eliminados, con indicación da orixe, a data de entrega, o produtor, ou o recolector no caso dos residuos urbanos e, se se trata de residuos perigosos, a súa situación exacta no vertedoiro, o resultado do programa de vixilancia recollido nos artigos 13 e 14 e no anexo III.

Artigo 11. *Custos da vertedura de residuos.*

O prezo que a entidade explotadora cobre pola eliminación dos residuos no vertedoiro cubrirá, como mínimo, os custos que ocasionen o seu establecemento e a súa explotación, os gastos derivados das garantías a que se refiren os parágrafos c) e d) do artigo 9.1, así como os custos estimados da clausura e o mantemento posterior da instalación e a localización durante o prazo que fixe a autorización, que en ningún caso será inferior a trinta anos.

Cunha frecuencia que fixará a autoridade competente, pero que como mínimo será quinquenal, a entidade explotadora do vertedoiro presentará unha actualización da análise económica mencionada no artigo 8.1.décimo do parágrafo b).

As administracións públicas velarán pola transparencia na recollida e uso de toda a información necesaria con respecto ós ditos custos, dentro do respecto ás disposicións da Lei 38/1995, sobre o dereito de acceso á información en materia de ambiente.

Artigo 12. *Procedemento de admisión de residuos.*

1. Previamente á admisión de calquera residuo nun vertedoiro:

- a) O posuidor dos residuos que os envíe a un vertedoiro e a entidade explotadora deste deberán poder

demostrar, por medio da documentación adecuada, antes ou no momento da entrega, ou da primeira entrega cando se trate dunha serie de entregas nas que o tipo de residuo non cambie, que, de acordo coas condicións establecidas na autorización, os residuos poden ser admitidos neste vertedoiro e cumpren os criterios de admisión establecidos no anexo II.

- b) A entidade explotadora do vertedoiro aplicará un procedemento de recepción que, como mínimo, incluírá: o control da documentación dos residuos, incluídos os preceptivos documentos de control e seguimento no caso de residuos perigosos e, cando sexa aplicable o Regulamento (CEE) número 259/93, do Consello, do 1 de febreiro, relativo á vixilancia e ó control dos traslados de residuos no interior, á entrada e á saída da Comunidade Europea, os documentos esixidos por este regulamento; a inspección visual dos residuos á entrada e no punto de vertedura e, sempre que sexa procedente, a comprobación da súa conformidade coa descrición facilitada na documentación presentada polo posuidor. Cando deban tomarse mostras representativas para lle dar cumprimento ó disposto no nivel 3 do número 2 do anexo II, conservaranse os resultados das análises, e a mostraxe deberá realizarse de conformidade co disposto no número 3 do anexo II. Estas mostras deberán conservarse polo menos durante tres meses, e un rexistro coas cantidades e características dos residuos depositados, con indicación da orixe, a súa codificación consonte o CER e, de se-lo caso, consonte o anexo I do Real decreto 833/1988, a data de entrega, o produtor ou o recolector no caso dos residuos urbanos e, se se trata de residuos perigosos, a súa localización exacta no vertedoiro. Esta información deberáselles comunicar, polo menos unha vez ó ano, ás autoridades competentes, que, á súa vez, lla transmitirán ó Ministerio de Medio Ambiente para fins estatísticos e para efectos da súa comunicación ás autoridades estatísticas comunitarias competentes.

- c) A entidade explotadora do vertedoiro facilitará sempre un xustificante de recepción por escrito de cada entrega admitida nel.

- d) Se non fosen admitidos os residuos, a entidade explotadora notificaralle sen demora esta circunstancia á autoridade competente, sen prexuízo do disposto no Regulamento (CEE) número 259/93.

2. No caso dos vertedoiros que quedasen exentos do cumprimento de disposicións deste real decreto consonte o artigo 3.4 ou o 3.5, as comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para que:

- 1.º Se leve a cabo no punto de vertedura unha inspección visual periódica que permita cerciorarse de que no vertedoiro se están depositando unicamente os residuos non perigosos da illa ou localidade illada.

- 2.º Se dispoña dun rexistro das cantidades de residuos depositados no vertedoiro.

Artigo 13. *Procedementos de control e vixilancia durante a fase de explotación.*

Os procedementos de control e vixilancia durante a fase de explotación do vertedoiro cumpriran, polo menos, os requisitos seguintes:

- a) A entidade explotadora dun vertedoiro levará a cabo durante a fase de explotación un programa de control e vixilancia, tal como se especifica no anexo III.

- b) A entidade explotadora notificaralle sen demora á autoridade competente, así como ó Concello correspondente, todo efecto negativo significativo sobre o

ambiente posto de manifesto nos procedementos de control e vixilancia e acatará a decisión desta autoridade sobre a natureza e o calendario das medidas correctoras que deban adoptarse; estas medidas poranse en práctica a expensas da entidade explotadora.

Cunha frecuencia que determinará a autoridade competente e, en calquera caso, polo menos unha vez ó ano, a entidade explotadora, baseándose en datos agregados, informará dos resultados da vixilancia e control, co fin de demostrar que se cumpren as condicións da autorización e de mellora-lo coñecemento do comportamento dos residuos nos vertedoiros.

c) As operacións analíticas dos procedementos de control e vixilancia e das análises a que se refire o artigo 12.1, parágrafo b), serán efectuadas por laboratorios competentes, de acordo co establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial.

Artigo 14. *Procedemento de clausura e mantemento posclausura.*

1. O procedemento de clausura do vertedoiro, ou de parte del, poderá iniciarse cando se cumpran as condicións correspondentes enunciadas na autorización, con autorización da autoridade competente por petición da entidade explotadora, ou por decisión motivada da autoridade competente.

Un vertedoiro, ou parte del, só poderá considerarse definitivamente clausurado despois de que a autoridade competente realizase unha inspección final in situ, avaliase tódolos informes presentados pola entidade explotadora e lle comunicase a aprobación da clausura efectuada; isto non diminuirá en ningún caso a responsabilidade da entidade explotadora, de acordo coas condicións da autorización.

2. Trala clausura definitiva do vertedoiro, e de conformidade co que ó respecto se fixe na autorización, a entidade explotadora será responsable do seu mantemento, da vixilancia, da análise e do control dos lixiviados do vertedoiro, e, de se-lo caso, dos gases xerados, así como do réxime de augas subterráneas nas súas inmediacións, todo isto conforme o disposto no anexo III. O prazo da fase posclausura durante o que a entidade explotadora será responsable do vertedoiro, nos termos da autorización, será fixado pola autoridade competente, tendo en conta o tempo durante o cal o vertedoiro poida entrañar un risco significativo para a saúde das persoas e o ambiente, sen prexuízo da lexislación en relación coa responsabilidade civil do posuídor dos residuos. En ningún caso este prazo poderá ser inferior a trinta anos.

A entidade explotadora notificaralle á autoridade competente, así como ó Concello correspondente, todo efecto significativo negativo para o ambiente posto de manifesto nos procedementos de control durante esta fase e acatará a decisión da autoridade competente sobre a natureza e o calendario das medidas correctoras que deban adoptarse.

Artigo 15. *Vertedoiros existentes.*

1. As autoridades competentes tomarán as medidas necesarias para que, como moi tarde o 16 de xullo de 2009, os vertedoiros ós que se lles concedese autorización ou estean en funcionamento á entrada en vigor deste real decreto, non continúen operando, a menos que cumpran os seguintes requisitos, sen prexuízo do establecido na lexislación sobre prevención e control integrado da contaminación respecto da adaptación das

instalacións existentes incluídas no seu ámbito de aplicación:

a) Antes do 16 de xullo de 2002, a entidade explotadora do vertedoiro elaborará e someterá á aprobación da autoridade competente un plan de acondicionamento deste, que inclúa un proxecto co contido mínimo reflectido no artigo 8.1, excepto o inciso décimo do seu parágrafo b), os datos enumerados no artigo 9 e calquera medida correctora que a entidade explotadora xulgue necesaria co fin de cumprilos requisitos deste real decreto, a excepción daqueles que figuran no número 1 do anexo I.

b) Baseándose neste plan de acondicionamento e no disposto neste real decreto, as autoridades competentes adoptarán unha decisión definitiva sobre a posibilidade de continua-las operacións ou, en caso contrario, tomarán as medidas necesarias para pecha-las instalacións o antes posible, consonte o disposto no inciso noveno do parágrafo b) do artigo 8.1, e no artigo 14.

c) Se se permite a continuación das operacións, e sobre a base do plan de acondicionamento aprobado, a autoridade competente determinará as obras necesarias e fixará un período transitorio para a realización deste plan. Unha vez finalizado o anterior período transitorio, e tras comprobar que o plan de acondicionamento se executou de forma adecuada, a autoridade competente, como máis tarde o 16 de xullo de 2009, concederá a oportuna autorización, na que, de acordo co establecido no artigo 9, se establecerá que o vertedoiro cumpre os requisitos deste real decreto, con excepción daqueles que figuran no número 1 do anexo I.

d) En todo caso, e sen prexuízo do establecido nas alíneas anteriores, cando se trate de vertedoiros de residuos perigosos, os artigos 4, 5 e 12 e o anexo II aplicaranse a partir do 16 de xullo de 2002 e o artigo 6 aplicarase a partir do 16 de xullo de 2004.

2. A posibilidade de esgota-lo período transitorio para a adaptación dun vertedoiro a este real decreto en ningún caso poderá entenderse como un dereito do titular ou da entidade explotadora da instalación, senón que dependerá da decisión que, en aplicación do número 1 anterior, adopte a autoridade competente.

3. No caso dos vertedoiros para residuos urbanos, as autoridades competentes tomarán as medidas necesarias para o cumprimento dos obxectivos fixados no Plan Nacional de Residuos Urbanos.

Artigo 16. *Información sobre aplicación deste real decreto.*

Cunha periodicidade trienal as comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Medio Ambiente un informe baseado no cuestionario recollido no anexo IV, para efectos da súa comunicación á Comisión Europea.

O informe remitirase dentro dos catro meses seguintes ó final do período abranguido por el. O primeiro informe cubrirá o período do 16 de xullo de 2001 ó 31 de decembro de 2003, ambos inclusive.

Disposición adicional primeira. *Prazo de elaboración de normativa.*

O Goberno aprobará, no prazo de dous anos contado desde a entrada en vigor deste real decreto, unha norma sobre planificación, deseño, construción, operación, control, clausura e mantemento trala clausura de vertedoiros.

Esta norma basearase no criterio multibarreira para a concepción de vertedoiros, é dicir, poderá incluír non

só medidas técnicas de carácter constructivo, senón tamén doutra natureza, en particular criterios e condicións de admisibilidade de residuos, requisitos mínimos dos tratamentos previos á vertedura, así como posibles limitacións e condicións ó uso da localización en que se instale o vertedoiro trala súa clausura e restauración ambiental.

Disposición adicional segunda. *Prazo de elaboración de modelo de cuantificación.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, o Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, proporá un modelo para a cuantificación da cantidade que se deberá esixir pola eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro controlado.

A anterior cantidade, de acordo co artigo 11, deberá incorpora-la totalidade dos custos desta actividade de xestión, terá un carácter progresivo en función da cantidade de residuos depositada en vertedoiro por cada xerador, e desincentivará a eliminación do residuo fronte a outras alternativas prioritarias de reutilización, reciclaxe ou valorización.

No modelo poderase recolle-la especificidade dos residuos de actividades de reutilización e valorización de residuos.

Disposición derradeira primeira. *Autorización de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Medio Ambiente para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto, así como para a adaptación dos seus anexos á normativa comunitaria ou ó progreso científico e técnico.

Disposición derradeira segunda. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Medio Ambiente,
JAIME MATAS I PALOU

ANEXO I

Requisitos xerais para tódalas clases de vertedoiros

1. Lugar de instalación

1. Para a instalación dun vertedoiro deberán tomarse en consideración os requisitos seguintes:

a) As distancias entre o límite do vertedoiro e as zonas residenciais e recreativas, vías fluviais, masas de auga e outras zonas agrícolas ou urbanas.

b) A existencia de augas subterráneas, augas costeiras ou reservas naturais na zona.

c) As condicións xeolóxicas e hidroxeolóxicas da zona.

d) O risco de inundacións, afundimentos, corrementos de terras ou aludes no lugar do vertedoiro.

e) A protección do patrimonio natural ou cultural da zona.

2. O vertedoiro só poderá ser autorizado se as características do lugar de instalación con respecto ós requisitos mencionados, ou as medidas correctoras que se tomen, indican que aquel non suporá ningún risco grave para o ambiente.

2. Control de augas e xestión de lixiviados

Tomaranse as medidas oportunas con respecto ás características do vertedoiro e ás condicións meteorolóxicas, con obxecto de: controla-la auga das precipitacións que penetre no vaso do vertedoiro; impedir que as augas superficiais ou subterráneas penetren nos residuos vertidos; recoller e controla-las augas contaminadas e os lixiviados; trata-las augas contaminadas e os lixiviados recollidos do vertedoiro de forma que se cumpra a norma adecuada requirida para a súa vertedura, ou de forma que se evite a súa vertedura, aplicando técnicas adecuadas para iso.

No caso de vertedoiros de residuos inertes, e cando unha avaliación baseada na situación da instalación, así como dos residuos que se admitan, mostre que o vertedoiro presenta un risco admisible para o ambiente, as autoridades competentes poderán decidir que non se apliquen as anteriores disposicións.

3. Protección do solo e das augas

1. Todo vertedoiro deberá estar situado e deseñado de forma que cumpra as condicións necesarias para impedi-la contaminación do solo, das augas subterráneas ou das augas superficiais e garanti-la recollida eficaz dos lixiviados nas condicións establecidas no número 2 anterior. A protección do solo, das augas subterráneas e das augas superficiais durante a fase activa ou de explotación do vertedoiro conseguirase mediante a combinación dunha barreira xeolóxica e dun revestimento artificial estanco baixo a masa de residuos.

2. Existe barreira xeolóxica cando as condicións xeolóxicas e hidroxeolóxicas subxacentes e nas inmediacións dun vertedoiro teñen a capacidade de atenuación suficiente para impedir un risco potencial para o solo e as augas subterráneas.

A base e os lados do vertedoiro disporán dunha capa mineral cunhas condicións de permeabilidade e espesura en que o efecto combinado en materia de protección do solo, das augas subterráneas e das augas superficiais sexa polo menos equivalente ó derivado dos requisitos seguintes:

a) Vertedoiros para residuos perigosos:
 $k \leq 1,0 \times 10^{-9}$ m/s; espesura ≥ 5 m.

b) vertedoiros para residuos non perigosos:
 $k \leq 1,0 \times 10^{-9}$ m/s; espesura ≥ 1 m.

c) vertedoiros para residuos inertes:
 $k \leq 1,0 \times 10^{-7}$ m/s; espesura ≥ 1 m.

(k = coeficiente de permeabilidade; m/s = metro/segundo.)

Cando a barreira xeolóxica natural non cumpra as condicións antes mencionadas, poderá complementarse mediante unha barreira xeolóxica artificial, que consistirá nunha capa mineral dunha espesura non inferior a 0,5 metros.

3. Ademais das barreiras xeolóxicas anteriormente descritas, deberá engadirse un revestimento artificial impermeable baixo a masa de residuos e, co fin de man-

ter nun mínimo a acumulación de lixiviados na base do vertedoiro, un sistema de recollida de lixiviados, de acordo coas seguintes condicións:

Esixencia de revestimento artificial impermeable e de sistema de recollida de lixiviados baixo a masa de residuos:

Clase de vertedoiro	Revestimento artificial impermeable	Sistema de recollida de lixiviados (capa de drenaxe de espesura ≥ 0,5 m)
Para residuos non perigosos .	Si	Si
Para residuos perigosos	Si	Si

O Goberno e, de se-lo caso, as comunidades autónomas nas normas adicionais de protección que dicten para o efecto, poderá establecer requisitos xerais ou específicos para os vertedoiros de residuos inertes e para as características dos medios técnicos anteriormente mencionados.

4. Para facilita-la interpretación dos requisitos anteriores, e sen prexuízo do establecido no número 3.5 deste anexo, as barreiras de protección mínimas de que disporán os vertedoiros baixo a masa de residuos e as condicións mínimas que haberá que lles esixir a estas barreiras serán as que para cada clase se reflicten esquematicamente nas figuras 1, 2 e 3.

FIGURA 1.-VERTEDOIROS DE RESIDUOS INERTES

MASA DE RESIDUOS

CAPA DE DRENAXE
para recollida de lixiviados

BARREIRA XEOLÓXICA
ARTIFICIAL $\geq 0,5$ m
(cando a barreira natural non cómpre)

BARREIRA XEOLÓXICA
NATURAL
Terreo de permeabilidade e espesura
equivalente a $k \leq 10^{-7}$ m/seg
espesura ≥ 1 m




FIGURA 2. -VERTEDOIROS DE RESIDUOS NON PERIGOSOS





FIGURA 3.- VERTEDOIRO DE RESIDUOS PERIGOSOS



5. Se o órgano competente en materia de ambiente da Comunidade Autónoma en que estea situado o vertedoiro decide, sobre a base dunha avaliación dos riscos para o ambiente que teña en conta, en particular, a sección 3.^a do capítulo II do título III do Regulamento do dominio público hidráulico (aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e modificado polo Real decreto 1315/1992, do 30 de outubro, e de acordo coa sección 2.^a («Control de augas e xestión de lixiviados»)), que a recollida e tratamento de lixiviados non son necesarios, ou se se establece que o vertedoiro presenta un nivel de risco aceptable para o solo, as augas subterráneas e as augas superficiais, os requisitos dos números 3.2, 3.3 e 3.4 anteriores poderán ser modificados ou reducidos en consecuencia. No caso dos vertedoiros para residuos inertes, estes requisitos poderán ser establecidos mediante unha norma estatal e, de se-lo caso, mediante as normas adicionais de protección que as comunidades autónomas dicten para o efecto.

A avaliación do risco que servirá de base para a toma da decisión levarase a cabo mediante un estudo que comprenderá como mínimo as seguintes fases:

- a) Identificación e cuantificación das emisións probables de contaminantes e avaliación das significativas.
- b) Identificación e cuantificación das poboacións e ecosistemas que poden quedar expostos ós contaminantes e das rutas de exposición.
- c) Cuantificación dos contaminantes en cada ruta e das doses probables recibidas.
- d) Valoración da toxicidade dos contaminantes para as poboacións e ecosistemas expostos.
- e) Avaliación, utilizando unha metodoloxía regrada ou normalizada, do nivel de risco existente, sobre a base dos datos obtidos ou dispoñibles.

4. *Control de gases*

1. Tomaranse as medidas adecuadas para controlar a acumulación e emisión de gases de vertedoiro.
2. En tódolos vertedoiros que reciban residuos biodegradables recolleranse os gases de vertedoiro, trátanse e aproveitanse. Se o gas recollido non pode aproveitarse para producir enerxía, deberase queimar.
3. A recollida, tratamento e aproveitamento de gases de vertedoiro levarase a cabo de forma tal que se reduza ó mínimo o dano ou a deterioración do ambiente e o risco para a saúde humana.

5. *Molestias e riscos*

Tomaranse as medidas necesarias para reducir ó mínimo inevitable as molestias e os riscos procedentes do vertedoiro debido a: emisión de olores e po, materiais transportados polo vento, ruído e tráfico, aves, parasitos e insectos, formación de aerosois, incendios.

O vertedoiro deberá estar equipado para evitar que a sucidade orixinada na instalación se espalle na vía pública e nas terras circundantes.

6. *Estabilidade*

A colocación dos residuos no vertedoiro farase de maneira tal que garanta a estabilidade da masa de residuos e estruturas asociadas, en particular para evitalos esvaramentos. Cando se instale unha barreira artificial, deberá comprobarse que o substrato xeolóxico, tendo en conta a morfoloxía do vertedoiro, é suficientemente estable para evitar asentamentos que lle poidan causar danos á barreira.

7. *Cerramentos*

O vertedoiro deberá dispor de medidas de seguridade que impidan o libre acceso ás instalacións. As entradas estarán pechadas fóra das horas de servizo. O sistema de control de acceso deberá incluír un programa de medidas para detectar e disuadir a vertedura ilegal na instalación.

ANEXO II

Criterios e procedementos para a admisión de residuos *

1. *Criterios provisionais de admisión de residuos*

(Ata que as institucións comunitarias non completen o anexo II da Directiva 1999/31/CE, aplicaranse con carácter provisional os criterios de admisión de residuos recollidos neste número.)

A autorización de cada vertedoiro fixará a relación dos tipos de residuos (sinalará os seus códigos CER e, de se-lo caso, a súa codificación consonte o anexo I do Real decreto 833/1988) admisibles na instalación específica de que se trate.

Para poder figurar na lista de residuos admitidos nun vertedoiro específico, os residuos deberán cumprilas condicións seguintes:

a) En vertedoiros para residuos inertes: deberán axustarse á definición de residuo inerte incluída no artigo 2, parágrafo b), deste real decreto.

b) En vertedoiros para residuos non perigosos: deberán axustarse á definición de residuo non perigoso incluída no artigo 2, parágrafo a), deste real decreto.

Para os efectos de interpretación do parágrafo c) do artigo 6.3 deste real decreto, só se admitirán como estabilización dun residuo perigoso aqueles procesos que: cambien a perigosidade dos constituíntes do dito residuo, transformándoo de perigoso en non perigoso, ou garantan que os constituíntes perigosos que non se transformasen completamente en constituíntes non perigosos non poden propagarse no ambiente a curto, medio ou longo prazo.

Non se admitirá como estabilización aqueles procesos que consistan nunha mera solidificación, é dicir, que só cambien o estado físico do residuo mediante aditivos, sen varialas súas propiedades químicas e toxicolóxicas.

c) En vertedoiros para residuos perigosos: deberán axustarse á definición de residuo perigoso incluída no artigo 3, parágrafo c), da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e mostrarán un contido total ou lixiviabilidade de compoñentes potencialmente perigosos o suficientemente baixos como para non supor un risco para a saúde das persoas ou para o ambiente. Así mesmo, non impedirán unha estabilización suficiente dos residuos durante a vida útil prevista do vertedoiro.

As autoridades competentes poderán fixar na autorización dun vertedoiro condicións complementarias ás anteriores máis restrictivas sobre a admisibilidade de residuos. Estas condicións complementarias poderán basearse nas propiedades dos residuos. Por exemplo, e sen carácter exhaustivo, poderían basearse en: límites sobre a composición total do residuo, límites sobre a lixiviabilidade de elementos contaminantes do residuo, límites sobre a materia orgánica contida no residuo ou no lixiviado potencial, límites sobre compoñentes do resi-

* Estes criterios deberán cumprirse sen recorrer a dilucións ou mesturas que teñan como finalidade principal conseguir este cumprimento.

duo que poidan ataca-las impermeabilizacións e drenaxes do vertedoiro.

2. Procedementos xerais de proba e admisión de residuos

Ata que as institucións comunitarias non completen o anexo II da Directiva 1999/31/CE, só será obrigatorio o nivel 3 deste número, e os niveis 1 e 2 aplicaranse na medida do posible.

Nivel 1. Caracterización básica:

Consistirá na investigación completa do comportamento do residuo. Deberá coñecerse: a orixe do residuo e o proceso industrial que o xera; as propiedades características que permiten comprobar que o residuo non incumpre ningún dos criterios de admisión recollidos neste anexo; a composición química do residuo e as súas propiedades fisicoquímicas; o código CER do residuo e, de se-lo caso, a identificación do residuo segundo anexo I do Real decreto 833/1988; o seu comportamento de lixiviación mediante ensaio normalizado DIN 38414-S4 e as características fisicoquímicas do lixiviado.

O produtor do residuo estará obrigado a lle notificar ó xestor do vertedoiro calquera cambio que signifique unha variación da anterior información.

Nivel 2. Probas de cumprimento:

Cada 200 toneladas de residuo enviadas ó vertedoiro e unha vez ó ano se a tonelaxe anual é menor ou se trata de cargamentos de residuos de características uniformes e da mesma procedencia, comprobaranse as variables que a caracterización básica (nivel 1) identifícase como significativas.

A autoridade competente poderá fixar unha frecuencia superior ás recollidas no parágrafo anterior para as probas de cumprimento.

Nivel 3. Verificación in situ:

Para confirmar que os residuos que cheguen ó vertedoiro nun cargamento son os mesmos que foron sometidos a probas de cumprimento (nivel 2) e que coinciden cos reflectidos nos documentos que se xuntan ós residuos, aplicaranse métodos de comprobación rápida, que poderán consistir nunha inspección visual do cargamento de residuos antes e despois da súa descarga no vertedoiro.

Para poder ser admitido nunha clase de vertedoiro, cada tipo concreto de residuos deberá ser caracterizado ó nivel 1 e cumprirlos criterios de admisión recollidos neste anexo para esa clase de vertedoiro. Para poder ser admitido nunha instalación específica, cada tipo concreto de residuos deberá someterse ás probas de nivel 2 e cumprirlos criterios específicos da instalación recollidos na súa autorización. Por último, cada cargamento de residuos que chegue á entrada do vertedoiro deberá someterse á verificación de nivel 3.

Alguns tipos de residuos poderán quedar exentos, permanente ou temporalmente, das probas de nivel 1. Isto poderá acontecer por ser impracticable a proba, por non disporse de procedementos de proba nin de criterios de admisión adecuados, ou por prevalecer outra normativa.

A autoridade competente poderá eximir das probas de nivel 1 e das de nivel 2 a residuos non perigosos que se xeren por parte dun mesmo produtor en cantidades inferiores a 500 quilogramos en catro meses, cando da información dispoñible e da inspección visual os residuos poidan admitirse como libres de substancias perigosas.

As análises necesarias para a caracterización básica, probas de cumprimento e verificación in situ serán efectuadas por laboratorios competentes, de acordo co establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial.

3. Toma de mostras dos residuos

Ata que se aprobe unha norma europea de toma de mostras de residuos, aplicaranse as normas e procedementos vixentes no territorio de cada Comunidade Autónoma.

ANEXO III

Procedementos de control e vixilancia nas fases de explotación e de mantemento posterior

1. Introducción

A finalidade deste anexo consiste en facilita-los procedementos mínimos para o control que debe levarse a cabo con obxecto de comprobar que: os residuos foron admitidos para a súa eliminación de acordo cos criterios fixados para a clase de vertedoiro de que se trate; os procesos dentro do vertedoiro se producen da forma desexada; os sistemas de protección do ambiente funcionan plenamente como se pretende; se cumpren as condicións da autorización para o vertedoiro.

2. Datos meteorolóxicos

As autoridades competentes fixarán cómo deben recompilarse os datos meteorolóxicos na zona de cada vertedoiro (in situ, por medio das redes meteorolóxicas nacionais, etc.).

Se a autoridade competente decide que o balance hidrolóxico constitúe un instrumento eficaz para avaliar se se acumula lixiviado no vaso de vertedura ou se a instalación presenta filtracións, recoméndase recolle-los seguintes datos da vixilancia no vertedoiro ou da estación meteorolóxica máis próxima.

	Fase de explotación	Fase de mantemento posterior
Volume de precipitación.	A diario.	Diariamente, mailos valores mensuais.
Temperatura mín., máx., 14,00 h. HCE.	A diario.	Media mensual.
Dirección e forza do vento dominante.	A diario.	Non se esixe.
Evaporación lisímetro*.	A diario.	Diariamente, mailos valores mensuais.
Humidade atmosférica 14,00 h HCE.	A diario.	Media mensual.

* Ou mediante outros métodos adecuados.

3. Datos de emisión: control de augas, lixiviados e gases

Deberán recollese mostras de lixiviados e augas superficiais, se as hai, en puntos representativos. As tomas de mostras e medición (volume e composición) do lixiviado deberán realizarse por separado en cada punto en que se descargue o lixiviado da instalación, segundo a Norma UNE-EN 25667:1995, sobre «Calidade da auga. Mostraxe. Parte 2: guía para as técnicas de mostraxe (ISO 5667-2:1991)».

O control das augas superficiais, se as hai, deberá levarse a cabo nun mínimo de dous puntos, un augas arriba do vertedoiro e outro augas abaixo.

O control de gases deberá ser representativo de cada sección do vertedoiro. Naqueles vertedoiros en que non se proceda ó aproveitamento enerxético dos gases, o seu control realizarase nos puntos de emisión ou queima destes gases.

A frecuencia da toma de mostras e análises figura no cadro que se ofrece a continuación.

Para o control dos lixiviados e da auga, deberá tomarse unha mostra representativa da composición media.

	Fase de explotación	Fase de mantemento posterior (1)
Volume dos lixiviados.	Mensualmente (3) e (4).	Cada seis meses.
Composición dos lixiviados (2).	Trimestralmente (3).	Cada seis meses.
Volume e composición das augas superficiais (7).	Trimestralmente (3) e (4).	Cada seis meses.
Emisións potenciais de gas e presión atmosférica (CH ₄ , CO ₂ , O ₂ , H ₂ S, H ₂ , etc.) (4).	Mensualmente (3) e (5).	Cada seis meses (6).

(1) A frecuencia da toma de mostras podería adaptarse en función da morfoloxía dos residuos do vertedoiro (en túmulo, enterrado, etc.).

(2) Os parámetros que deban medirse e as substancias que deban analizarse variarán conforme a composición dos residuos depositados; deberán indicarse no documento de autorización e reflectir as características do lixiviado dos residuos.

(3) Se a avaliación dos datos indica que maiores intervalos son igualmente efectivos, estes poderán adaptarse. Para os lixiviados, sempre se deberá medir a conductividade como mínimo unha vez ó ano.

(4) Estas medicións refírense principalmente ó contido de materia orgánica no residuo.

(5) CH₄, CO₂, O₂, periodicamente; outros gases, segundo proceda, conforme a composición dos residuos depositados para reflectir as súas propiedades de lixiviabilidade.

(6) Deberá comprobarse periodicamente a eficacia do sistema de extracción de gases.

(7) Sobre a base das características da situación do vertedoiro, as comunidades autónomas poderán determinar que estas medicións non son necesarias, e informarán diso o Ministerio de Medio Ambiente.

N.B.: Os controis sobre o volume e a composición dos lixiviados aplicaranse só cando teña lugar a recollida de lixiviados (véxase o número 2 do anexo I).

4. Protección das augas subterráneas

A) Toma de mostras.—As medicións para controla-la posible afección da vertedura de residuos ás augas subterráneas realizaranse en, polo menos, un punto situado augas arriba do vertedoiro na dirección do fluxo de augas subterráneas entrante e en, polo menos, dous puntos situados augas abaixo do vertedoiro na dirección do fluxo saínte. O número de puntos de control poderá aumentarse sobre a base dun recoñecemento hidroxeolóxico específico e tendo en conta a necesidade de, de se-lo caso, a detección rápida de calquera vertedura accidental de lixiviados nas augas subterráneas.

Antes de iniciar as operacións de vertedura, tomaranse mostras, como mínimo, en tres puntos, co fin de establecer valores de referencia para posteriores tomas de mostras. A toma de mostras realizarase segundo a Nor-

ma ISO 5667-11 (1993), sobre «Guías para a mostraxe de augas subterráneas».

B) Vixilancia.—Os parámetros que deberán analizarse nas mostras tomadas deberán determinarse en función da composición prevista do lixiviado e da calidade da auga subterránea da zona. O selecciona-los parámetros para análises, deberá terse en conta a mobilidade na zona de augas subterráneas. Entre os parámetros poderán incluírse indicadores que garantan un pronto recoñecemento do cambio na calidade da auga (1).

(1) Parámetros recomendados: pH, COT, fenois, metais pesados, fluoruro, arsénico, petróleo/hidrocarburos.

	Fase de explotación	Fase de mantemento posterior
Nivel das augas subterráneas.	Cada seis meses (1).	Cada seis meses (1).
Composición das augas subterráneas.	Frecuencia específica do lugar (2) e (3).	Frecuencia específica do lugar (2) e (3).

(1) Se existen fluctuacións nos niveis de augas subterráneas, deberá aumentarse a frecuencia.

(2) A frecuencia deberá basearse na posibilidade de medidas correctoras entre dúas tomas de mostras se se alcanza un nivel de intervención, é dicir, a frecuencia deberá determinarse sobre a base do coñecemento e a avaliación da velocidade do fluxo das augas subterráneas.

(3) Cando se acada un nivel de intervención [véxase a letra C)] é necesario facer unha verificación mediante a repetición da toma de mostras. Cando se confirmou o nivel, debe seguirse un plan de emerxencia establecido na autorización.

C) Niveis de intervención.—Polo que respecta ás augas subterráneas, deberá considerarse que se produciron os efectos ambientais negativos e significativos a que se refiren os artigos 13 e 14 deste real decreto cando a análise da mostra de auga subterránea mostre un cambio significativo na calidade da auga. Deberá determinarse un nivel de intervención tendo en conta as formacións hidroxeolóxicas específicas do lugar no que estea situado o vertedoiro e a calidade das augas subterráneas. O nivel de intervención deberá establecerse na autorización sempre que sexa posible.

As observacións deberán avaliarse mediante gráficos de control con normas e niveis de control establecidos para cada pozo situado augas abaixo. Os niveis de control deberán determinarse a partir das variacións locais na calidade das augas subterráneas.

5. Topografía da zona: datos sobre o vaso de vertedura

	Fase de explotación	Fase de mantemento posterior
Estructura e composición do vaso de vertedura*.	Anualmente.	—
Comportamento de asentamento do nivel do vaso de vertedura.	Anualmente.	Lectura anual.

* Datos para a descrición do vertedoiro: superficie ocupada polos residuos, volume e composición destes, métodos de depósito, tempo e duración do depósito, cálculo da capacidade restante de depósito que queda dispoñible no vertedoiro.

ANEXO IV

Cuestionario sobre aplicación deste real decreto (de acordo coa Decisión 2000/738/CE, da Comisión, do 17 de novembro)

1. Expóñase de forma xenérica a utilización de gases de vertedoiro para a produción de enerxía, e as medidas adoptadas para reducir ó mínimo o dano ou a deterioración do ambiente e o risco para a saúde humana de resultados da recollida, tratamento e uso de tales gases.
2. Expóñanse as medidas tomadas para reducir ó mínimo as molestias e riscos, de conformidade co disposto no número 5 do anexo I.
3. ¿Creáronse listas ou establecéronse criterios acerca dos residuos que deben aceptarse ou rexeitarse en cada tipo de vertedoiro?
4. ¿Establecéronse niveis límite e/ou métodos de análise para a admisión de residuos en cada tipo de vertedoiro? En caso afirmativo, especificar cáles.
5. Infórmese acerca do método de recollida de datos meteorolóxicos mencionado no número 2 do anexo III.
6. Descríbase sucintamente o sistema xeral adoptado para controla-los lixiviados, as augas superficiais e as emisións de gases potenciais e a presión atmosférica, de conformidade co disposto no número 3 do anexo III.
7. Proporciónese información xeral sobre os vertedoiros para os que non se considerase necesario realizar medicións de volume e composición de augas superficiais, de acordo co número 3 do anexo III.
8. ¿Utilizou a Comunidade Autónoma a posibilidade que ofrece o artigo 3.4 (illas e localidades illadas)? En

caso afirmativo, facilítense detalles de tales excepcións, incluída información sobre as cantidades e, cando sexa posible, sobre os tipos de residuos depositados nos lugares cubertos pola excepción.

9. ¿Utilizou a Comunidade Autónoma a posibilidade que ofrece o artigo 3.5 (depósitos subterráneos)? En caso afirmativo, facilítense detalles sobre as instalacións, as excepcións, as cantidades e, cando sexa posible, os tipos de residuos depositados nos lugares cubertos pola excepción.

10. a) ¿Desenvolveuse un programa para reducir os residuos biodegradables depositados en vertedoiro, de conformidade co disposto no artigo 5.1? En caso negativo, especifíquense as razóns e as actuacións realizadas neste sentido.

b) Indíquense as experiencias realizadas gracias á aplicación práctica do programa ou, de se-lo caso, das actuacións mencionadas.

c) Indíquese a cantidade de residuos urbanos biodegradables producidos en 1995 (en toneladas e, de ser posible, distinguindo entre fluxos de residuos).

d) Indíquese a cantidade de residuos urbanos biodegradables e doutros residuos biodegradables (en ámbolos casos en toneladas e, de ser posible, distinguindo entre fluxos de residuos) depositados en vertedoiro en cada un dos anos do período considerado polo informe.

e) ¿Que modificacións do programa ou, de se-lo caso, das actuacións se están proxectando?

11. Indíquese o número de vertedoiros existentes no territorio da Comunidade Autónoma:

	Vertedoiros de residuos perigosos	Vertedoiros de residuos non perigosos	Vertedoiros de residuos inertes	Outros *
Número total de vertedoiros existentes				
Número destes vertedoiros que se axustan ó presente real decreto				
Número de vertedoiros clausurados (onde xa non se produzan máis verteduras) desde o 16 de xullo de 2001				
Número de vertedoiros existentes que foron acondicionados para cumprir con este real decreto				
Capacidade de vertedura restante (en Tm)				

* Outros tipos de vertedoiros que poden existir ata o final do período transitorio. Especifíquese o tipo de vertedoiro.

12. ¿Que medidas se tomaron para garantir que se cumpra o disposto no artigo 11 en materia de custos da vertedura?

13. Proporciónese información xeral sobre as medidas tomadas para evita-los efectos ambientais negativos do cerramento de vertedoiros, de acordo co artigo 14.

14. Descríbase sucintamente cómo se leva a cabo a planificación dos vertedoiros no relativo ó número 1 do anexo I (instalación).

15. Proporciónese información xeral sobre as medidas tomadas para garanti-lo cumprimento do disposto no número 2 do anexo I (Control de augas e xestión de lixiviados).

16. ¿Establecéronse uns requisitos xerais ou específicos para os vertedoiros de residuos inertes, de conformidade co disposto no anexo I?

17. ¿Reducíronse ou modificáronse nalgún vertedoiro, facendo uso do número 3.5 do anexo I, os requisitos fixados nos números 3.2, 3.3 e 3.4 do anexo I? En caso afirmativo, facilítense información xeral acerca deles.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1860

ORDE PRE/145/2002, do 24 de xaneiro, pola que se modifican os anexos II dos reais decretos 280/1994, do 18 de febreiro, e 569/1990, do 27 de abril, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e animal (19.^a modificación). («BOE» 27, do 31-1-2002.)

Os límites máximos de residuos de praguicidas regúlanse, para os produtos de orixe vexetal e animal, polo Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, modificado por última vez polo Real decreto 198/2000, do 11 de febreiro, e polo Real decreto